



# **CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)**

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO DE MESÍA CELEBRADA O DÍA 7 DE NOVEMBRO DE 2011.**

### **ALCALDE**

D. Mariano Iglesias Castro.

### **CONCELLEIRO/AS:**

PSdeG-PSOE:

D. Antonio Quindimil García.

D. Gervasio Sánchez Barreiro.

D<sup>a</sup> Pilar Sánchez Ulloa.

D. José Fernando García Lesta.

D. Iván Méndez García.

D José María Tojo Espiñeira.

PP:

D. Severino Álvarez Monteserín.

BNG:

D. José Manuel Raposo López.

### **Non asisten e se escusan:**

D<sup>a</sup> María Amparo García Pernas.

D<sup>a</sup> María José Quindimil Suárez.

### **SECRETARIO :**

D Eladio Bendaña Pardo.

En Mesía, a 7 de novembro de 2011, sendo as oito horas e trinta minutos, na sala de sesións da Casa do Concello, logo da convocatoria para o efecto, reuníronse, en primeira e pública convocatoria, os señores concelleiros que se relacionan na marxe, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria da Corporación Municipal.

A tódolos asistentes entregáraselles copia da Orde do Día, cos asuntos para tratar, poñéndose á súa disposición o expediente da sesión e cumprindo os trámites esixidos pola normativa vixente. Pásase a continuación a tratalos seguintes asuntos incluídos na Orde do Día:

## **1. ACORDO DE IMPOSICIÓN E APROBACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR EXPEDICIÓN DE DOCUMENTOS.**

O Sr. Alcalde da conta da proposta que, de seguido, transcríbese literalmente:

“PROPOSTA Ó CONCELLO PLENO

*D. Mariano Iglesias Castro, Alcalde do Concello de Mesía, considerando necesario o establecemento da taxa pola expedición de documentos administrativos e a aprobación da correspondente Ordenanza fiscal.*

*De conformidade co artigo 20.4.a), 17 e concordantes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e o artigo 22.2.d) e e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, propoño ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:*

*PRIMEIRO: Aprobar provisionalmente a imposición da taxa pola expedición de documentos administrativos e aprobar provisionalmente a Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola expedición de documentos administrativos que se transcribe como anexo ó presente acordo.*

*SEGUNDO: Proceder ó trámite de información pública polo prazo de trinta días hábiles no taboleiro de anuncios e no Boletín Oficial da Provincia, contados a partir do día seguinte ó da*



# **CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)**

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

*publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os interesados poidan presentar as reclamacións e suxestións que consideren oportunas.*

*TERCEIRO: Se os interesados presentasen reclamacións ou suxestións serán resoltas polo Pleno. No caso de que non se presentasen reclamacións ou suxestións, se entenderán definitivamente adoptados os acordos ata entón provisionais, procedéndose á publicación do acordo de imposición e o texto íntegro da Ordenanza no Boletín Oficial da Provincia.*

## **ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR EXPEDICIÓN DE DOCUMENTOS ADMINISTRATIVOS.**

*Artigo 1.º. Fundamento e natureza.*

*En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bas es de réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19, e 20.4 do Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba a Lei reguladora das facendas locais, este Concello establece a “taxa por expedición de documentos administrativos”, que se rexerá polo disposto no devandito Real Decreto Lexislativo e pola presente ordenanza fiscal.*

*Artigo 2.º. Feito imponible.*

- 1. Constitúe o feito imponible desta taxa a actividade administrativa desenvolvida con motivo da tramitación, a instancia de parte, de toda clase de documentos que expida e de expedientes que entenda ou coñeza a Administración municipal.*
- 2. Para os efectos, entenderase tramitada a instancia de parte calquera documentación administrativa que se provocase polo particular ou redunde no seu beneficio aínda que non mediara solicitude expresa do interesado.*

*Artigo 3.º. Suxeito pasivo.*

*Son suxeitos pasivos, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral tributaria que soliciten, ou resulten beneficiadas ou afectadas ou en interese das cales redunde a tramitación do documento ou expediente de que se trate.*

*Artigo 4.º. Responsables.*

*Responderán solidaria e subsidiariamente deste tributo as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 41, 42 e 43 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.*

*Artigo 5.º. Exencións. -*

*Se concederá exención subxectiva previo informe dos servizos sociais municipais en casos de emerxencia social.*

*Artigo 6.º.- Base Imponible .-*

*Constituirá a base imponible da presente exacción a natureza dos expedientes a tramitar e documentos a expedir.*

*Artigo 7.º. Cota Tributaria.*



# **CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)**

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

*A cota tributaria determinarase por unha cantidade fixa sinalada segundo a natureza dos documentos ou expedientes a tramitar, de acordo coa tarifa que contén o artigo seguinte.*

- 1. Certificados de convivencia ou empadramento do ano actual: 1,80€*
- 2. Certificados de empadramento de anos anteriores: 3,00€*
- 3. Informes de convivencia: 3,00€*
- 4. Certificacións de acordos municipais: 3,00€*
- 5. Dilixencia de compulsu ou cotexo de documentos : 0,30€ folla.*
- 6. Fotocopia DIN A4: 0,10€*
- 7. Fotocopia DIN A3: 0,20€*
- 8. Certificación de servizos urbanísticos: 30,00€*
- 9. Expedientes de declaración de situación en fora de ordenación: 150,00€*
- 10. Outros certificados ou informes no especificados : 3,00€*

*Artigo 8.º. Devengo.*

- 1. Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuír cando se presente a solicitude que inicia a tramitación dos documentos e expedientes suxeitos a taxa.*
- 2. Nos casos a que se refire o apartado 2 del artigo 2.º, o devengo prodúcese cando teñan lugar as circunstancias que provean a actuación municipal de oficio, ou cando esta se inicie sen previa solicitude do interesado, pero redunde no seu beneficio.*

*Artigo 9.º. Declaración e ingreso.*

- 1. A taxa esixirase en réxime de autoliquidación, mediante ingreso nas entidades financeiras autorizadas polo concello.*

*Artigo 10.º. Infraccións e sancións.*

*En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, estarase ó disposto nos artigos 178, 181 e seguintes da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria.*

*Disposición final.*

*A presente ordenanza fiscal foi aprobada inicialmente polo Pleno en sesión de 7 de novembro de 2011, e entrará en vigor unha vez sexa aprobada definitivamente e publicado o seu texto integro no BOP, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.*

*En Mesía, a 2 de novembro de 2011. O Alcalde, D. Mariano Iglesias Castro."*

Toma a palabra o Sr. Alcalde, quen manifesta que con esta ordenanza non estamos regulando nada que non estean esixindo os concellos do noso entorno; de feito, tivemos en conta as súas tarifas para o cálculo das nosas, se ben á baixa. Mentres puidemos permitirnos estar sen cobrar, non o fixemos, pero nestes tempos temos que amoldarnos á fiscalidade do noso entorno se queremos seguir prestando servizos.

Pregunta o Sr. Álvarez canto vai supoñer de recadación para o concello, respostando o Sr. Alcalde que non pode dicirlle con precisión, irase vendo cando esta implantada a taxa.



# **CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)**

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

Manifesta o Sr. Álvarez que o Partido Popular vai votar en contra porque si ben é certo que a crise afecta á administración tamén afecta ós administrados, e esta taxa non nos vai sacar de ningún apuro, polo que me parece un gravame innecesario.

Manifesta o Sr. Alcalde que con este tema pódese facer toda a demagogia do mundo, e pódeme crer que a min dóeme este tema tanto como a vostede, pero nos temos que facer unha xestión, e se non temos recursos malamente podemos prestar uns servizos mínimos ós cidadáns. Ademais, outras administracións o único que fan é asfixiarnos; por exemplo, fai ben pouco recibimos a subvención de servizos sociais minorada en cerca dun oitenta por cento.

Ponse de manifesto así mesmo que a exención prevista é, previo informe dos servizos sociais municipais, para casos de emerxencia social

Non habendo máis intervencións, sométese o asunto a votación obténdose o seguinte resultado: sete votos a favor, correspondentes ós concelleiros presentes do PSdeG-PSOE, e un voto en contra correspondente ó concelleiro presente do PP.

## **2. MODIFICACIÓN ORDENANZA REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES.**

O Sr. Alcalde da conta da proposta que, de seguido, transcríbese literalmente:

*“PROPOSTA Ó PLENO*

*MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES.*

*Tendo en conta que o tipo de gravame do Imposto de bens inmobles, segundo o artigo 72 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, pode fixarse polo concello entre o 0,3% e o 0,9%.*

*Resultando que este concello ten establecida a porcentaxe legal mínima.*

*Estimando que podería axustarse a carga impositiva deste concello á media dos concellos do noso entorno, ós efectos de dispor de similares medios para prestar axeitadamente os correspondentes servizos ós nosos cidadáns, propoño ó Pleno acordar a subida do tipo de gravame dos inmobles de natureza rústica do actual 0,3% ó 0,45%.*

*É polo que antecede polo que, de conformidade cos artigos 15 a 19, 72 e concordantes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, ,propoño ó Pleno a adopción do seguinte acordo:*

**Primeiro.-** *Facendo uso das facultades conferidas polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, en orden á fixación dos elementos necesarios para a determinación da cota tributaria, aprobar inicialmente a seguinte modificación da Ordenanza fiscal do Imposto sobre Bens Inmobles:*



## **CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)**

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

*“Artigo 13º.-Tipo de gravame*

*Os tipos de gravame aplicables en este municipio serán los seguintes:*

*a) Bens inmobles de natureza urbana:*

*Tipo de gravame xeral: 0,40 por cento.*

*b) Bens inmobles de natureza rústica: 0,45 por cento.*

*c) Bens inmobles de características especiais: 1,30 por cento.*

*Disposición final*

*A presente ordenanza fiscal, da que a súa modificación foi aprobada inicialmente polo Pleno da Corporación na sesión que tivo lugar o día 7 de novembro de 2011, entrará en vigor no día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro de 2012, continuando vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresa”*

**Segundo.-** *Expor ó público o presente acordo mediante anuncios no Taboleiro de Edictos da Corporación e no Boletín Oficial da Provincia, polo prazo de trinta días, para que os interesados poidan examinar o expediente e presenta-las reclamacións que estimen oportunas.*

**Terceiro.-** *As reclamacións serán resoltas pola Corporación en Pleno, e de non existir, entenderase definitivamente aprobado o acordo provisional, debéndose proceder en todo caso á publicación no Boletín Oficial da Provincia do acordo definitivo, e do texto íntegro da modificación da Ordenanza.*

*Mesía, 2 de novembro de 2011. O ALCALDE Asdo. Mariano Iglesias Castro.”*

Neste intre incorpórase á sesión o Sr. Raposo.

Manifesta o Sr. Alcalde que o tipo vixente actual do 0,3% é a porcentaxe mínima que se pode esixir, xa que o marxe vai do 0,3% ó 0,9%. Preténdese subir a 0,45%, aínda que hai concellos do noso entorno que teñen porcentaxes superiores.

O Sr. Alcalde cede a palabra ó Sr. Álvarez quen manifesta que seguimos na mesma tesitura. A crise non vai solucionarse cos impostos dos cidadáns. ¿Sabe vostede canto vai supoñer de incremento na recadación?

Resposta o Sr. Alcalde que sobre uns oito mil quiñentos euros, pero debe ter en conta que ningún imposto ou taxa vai implicar unha subida grandísima, si ben co que supón este incremento pódese pagar unha auxiliar de axuda a domicilio medio ano para atender a unha familia necesitada. E, en todo caso, os administrados teñen que saber que teñen as cotas máis baixas do noso entorno.

Manifesta o Sr. Álvarez que co aforro das asistencias a órganos colexiados tamén podería facerse algo.



## **CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)**

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

Sinala o Sr. Alcalde que o que sitúa a este concello no mapa é que este ano temos unha rebaixa do oitenta por cento da subvención autonómica para servizos sociais, e este concello paga o trinta por cento do custo dos servizos sociais, algo que ningún concello fai.

Manifesta o Sr. Álvarez que eu non vou falar da lei de dependencia que fixo o seu partido en Madrid, nin criticar os servizos sociais deste concello, que desde que vostede é alcalde funcionan ben, outra cosa é que coa subida da carga impositiva vaian a solucionarse os problemas.

Manifesta o Sr. Alcalde que o único que estamos a facer é adecuar un pouco, e paulatinamente, a carga impositiva á media do noso entorno.

O Sr. Alcalde cede a palabra ó Sr. Raposo, quen manifesta que vaise abster.

Sometido o asunto a votación obtense o seguinte resultado: sete votos a favor, correspondentes ós concelleiros presentes do PSdeG-PSOE, un voto en contra correspondente ó concelleiro presente do PP e unha abstención correspondente ó concelleiro do BNG.

### **3. ELECCIÓN XUÍZ DE PAZ SUBSTITUTO. ACORDOS QUE PROCEDAN.**

O Sr. Alcalde da conta da proposta que, de seguido, transcríbese literalmente:

*“PROPOSTA Ó PLENO*

*Visto o escrito da Secretaría de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza, de data 13 de xullo de 2011, no que se insta a este Concello a iniciar expediente para elixir xuíz de paz substituto debido ó vindeiro vencemento do período polo que se nomeou ó xuíz de paz substituto actual.*

*Visto que por decreto de Alcaldía nº 379, de data 12 de agosto, resolveuse iniciar o expediente para elección de xuíz de paz substituto, ao abeiro do preceptuado no Regulamento 3/1995, de 7 de xuño, de Xuíces de Paz e na Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, publicándose a correspondente convocatoria no Boletín Oficial da Provincia nº 160, de data 23 de agosto de 2011, e anunciándose mediante edictos no taboleiro de anuncios do Concello, no Xulgado de Primeira Instancia e Instrución de Ordes e no propio Xulgado de Paz.*

*Visto que durante o prazo legalmente establecido non se presentou ningunha solicitude, propono o Pleno a adopción do seguinte acordo:*

*ÚNICO: Deixar vacante a convocatoria da elección de Xuíz de paz substituto dando traslado do presente acordo e do expediente tramitado á Secretaría de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza, ós efectos que procedan.*

*Mesía, 2 de novembro de 2011.”*



# CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

Manifesta o Sr. Alcalde que neste tema seguíronse os trámites regulamentarios cos correspondentes anuncios de información pública, pero non se presentou ningún interesado, polo que non parece procedente nomear a ninguén, senón simplemente dar traslado deste acordo e do expediente tramitado á Secretaría de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza.

O Sr. Alcalde cede a palabra ó Sr. Álvarez, quen manifesta a súa conformidade coa proposta, e, de seguido, ó Sr. Raposo, quen di que quizás debería darse máis publicidade, sinalando o Sr. Alcalde que se lle deu a publicidade regulamentaria e, ademais do Boletín Oficial da Provincia, tamén en bandos e taboleiros, pero a xente moitas veces non se fixa nos anuncios expostos.

Sometido o asunto a votación obtense o seguinte resultado: unanimidade dos concelleiros presentes.

#### 4. TRANSFERENCIA DE CRÉDITO TC 03/2011.

O Sr. Alcalde da conta da proposta que, de seguido, transcríbese literalmente:

*“PROPOSTA DE PRESIDENCIA Ó PLENO DO CONCELLO*

*Incoado por orde desta Presidencia expediente de modificación de crédito por transferencia de crédito referencia TC 03/2011), para facer fronte a inversión de reposición de pavimento nas parroquias de Lanzá e Albixoi, de conformidade co establecido no artigo 37 do R.D. 500/1990, do 20 de abril, e visto o informe de Intervención, esta Presidencia somete o Pleno da Corporación o seguinte acordo:*

*Primeiro.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito TC 03/2011, polo que se transfere crédito nas aplicacións orzamentarias sinaladas na seguinte táboa.*

| APLICACIÓN NA QUE SE REDUCE O CRÉDITO | IMPORTE   | APLICACIÓN NAS QUE SE INCREMENTA O CRÉDITO |
|---------------------------------------|-----------|--|
| 1.60                                  | 2.275,20€ | 4.61                                       |

*Segundo.- Expoñer ó público o expediente, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia, e no taboleiro de edictos da Corporación, durante o prazo de quince días, dende a publicación do anuncio no citado Boletín Oficial, para os efectos de exame e presentación de reclamacións ante o Pleno, segundo o disposto no artigo 179, en relación co 169 do RDL 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. Se no se presentasen reclamacións, o expediente entenderase definitivamente aprobado sen necesidade de novo acordo plenario. Se se presentasen, serán resoltas polo Pleno.*

Mesía, 2 de novembro de 2011.

O ALCALDE Asdo. Mariano Iglesias Castro.”



## **CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)**

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

Manifesta o Sr. Alcalde que esta transferencia faise para pagar o gasto da obra que se sinala na proposta, e que ascende a dezasete mil douscentos setenta e cinco euros con vinte céntimos.

Non habendo máis intervencións, sométese o asunto a votación obténdose o seguinte resultado: unanimidade dos concelleiros presentes.

Non habendo máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde, sendo as nove horas, levanta a sesión, da que eu, Secretario – Interventor, certifico.

Visto e Prace,